



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Normalización lingüística

Referencia: PREM-TNLG / 2026

Expediente convocatoria: 2026000011071

RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA NÚMERO 39900 DO 16 DE SETEMBRO DE 2026 POLA QUE SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DA I EDICIÓN DO PREMIO DE PÓDCAST “TRANSMITINDO NA LINGUA GALEGA” 2026

Don XOSÉ REGUEIRA VARELA, Presidente en funcións da Deputación Provincial da Coruña,

RESOLVO:

Modificar a Resolución da Presidencia número 39900 do 16 de setembro de 2026 pola que se aproban as bases e a convocatoria da I edición do premio de pódcast “Transmitindo na lingua galega” 2026 no sentido seguinte:

1º Engádesse os seguintes parágrafos:

ANTECEDENTES

Por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023, o Presidente delegou na Xunta de Goberno entre outras: “A aprobación das bases de subvencións, cuxa competencia corresponda inicialmente ao presidente”.

Tendo en conta a data da convocatoria da próxima Xunta de Goberno e considerando a urxencia de aprobar as Bases reguladoras do "Premio de Pódcast "Transmitindo na Lingua Galega", e vistos os informes do Normalización Lingüística, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro,

Primeiro. Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023 na Xunta de Goberno, e considerando a urxencia da aprobación das Bases reguladoras do "Premio de Pódcast "Transmitindo na Lingua Galega", que vén motivada pola necesidade de que as persoas destinatarias poidan facer as súas previsións respecto do obxecto da subvención neste programa para o exercicio 2026 coa suficiente antelación.

2º Onde di:

O prazo de presentación de candidaturas iniciárase ao día seguinte do que se publiquen estas bases no Boletín Oficial da Provincia e finalizará ás 14:00 h do 18 de decembro de 2026.

Debe dicir:

O prazo de presentación de candidaturas iniciárase ao día seguinte do que se publiquen estas bases no Boletín Oficial da Provincia a través da Base de Datos Nacional de Subvencións, de conformidade coas normas que se conteñen no Real decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas e finalizará ás 14:00 horas do día 18 de decembro de 2026.

3º Engádense os seguintes parágrafos:

Sexto. Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, de conformidade co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publicación que se tramitará como urgente.

Sétimo. Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno.

Polo tanto, o texto definitivo da Resolución será o seguinte:

ANTECEDENTES

Por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023, o Presidente delegou na Xunta de Goberno entre outras: "A aprobación das bases de subvencións, cuxa competencia corresponda inicialmente ao presidente".

Tendo en conta a data da convocatoria da próxima Xunta de Goberno e considerando a urxencia de aprobar as Bases reguladoras do "Premio de Pódcast "Transmitindo na Lingua Galega", e vistos os informes do Normalización Lingüística, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro,

RESOLVO:

Primeiro. Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023 na Xunta de Goberno, e considerando a urxencia da aprobación das Bases reguladoras do "Premio de Pódcast "Transmitindo na Lingua Galega", que vén motivada pola necesidade de que as persoas destinatarias poidan facer as súas previsións respecto do obxecto da subvención neste programa para o exercicio 2026 coa suficiente antelación.

Segundo. Aprobar as bases do I Premio de Pódcast Transmitindo na Lingua Galega 2026,

que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

Terceiro. Dispoñer a publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

Cuarto. Aprobar a convocatoria do I Premio de Pódcast Transmitindo na Lingua Galega 2026 de conformidade coas bases que figuran no anexo.

O prazo de presentación de candidaturas iniciárase ao día seguinte do que se publiquen estas bases no Boletín Oficial da Provincia a través da Base de Datos Nacional de Subvencións, de conformidade coas normas que se conteñen no Real decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas e finalizará ás 14:00 horas do día 18 de decembro de 2026.

Quinto. Aprobar o orzamento dos gastos derivados da convocatoria, que ascenden a un total de 22.400 €, de acordo co seguinte detalle:

Concepto	Aplicación Orzamentaria	Importe	Documento contable RC
Premio (4 x 5.000 €)	0116/3344/481	20.000,00€	220260041665
Xurado (3 x 800,00 €)	0116/3344/22699	2.400,00€	220260041665

Sexto. Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, de conformidade co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publicación que se tramitará como urgente.

Sétimo. Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno.

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2

de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO - BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto

A presente convocatoria ten como obxecto regular a concesión de premios destinados a promover e recoñecer a creación e produción de podcasts en lingua galega, co fin de contribuír ao fomento, á difusión e á visibilidade social e mediática do uso do galego no ámbito da creación sonora e de incentivar a calidade, a diversidade temática e a innovación das producións sonoras neste idioma.

Serán especialmente significativos aqueles podcast que estean dirixidos a sectores de especial relevancia para o futuro do noso idioma.

Os premios concederánselles aos podcasts que destaquen polo uso da lingua galega nas seguintes catro categorías:

- A) **O teatro do aire:** Obras orixinais de ficción sonora ou que estean baseadas en obras xa existentes ou adaptadas, e que usen voces, efectos sonoros, músicas, ambientes, sons etc.
- B) **A palabra fiada:** Entrevistas, conversas, debates ou diálogos que sexan a base conversacional do contido do podcast, entre dúas ou máis persoas, sobre calquera temática.
- C) **A pescuda sonora:** Podcasts divulgativos e creativos que pescuden un asunto concreto, unha persoa, problemática ou acontecemento social.
- D) **A voz da nosa lingua:** Podcasts que contribúan ao estudo, divulgación, promoción e uso da lingua galega.

Segunda. Solicitantes

Poderán presentar candidaturas aquelas persoas físicas ou xurídicas que sexan autoras do podcast proposto ao premio. As persoas menores de idade deben presentar asemade a correspondente autorización dos seus responsables legais. Non poderán ser beneficiarias da subvención aquelas persoas que teñan a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal, de conformidade co disposto no artigo 13.f) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Terceira. Dotación

Establécense catro categorías dotadas con 5.000 € cada unha, suxeitas ás retencións legais que lles sexan aplicables. O importe da dotación dos premios ascende a un total de 20.000 €, con cargo á partida 0116/3344/481.

Os premios poderán quedar desertos e tamén ser concedidos con carácter ex aequo. Neste caso, o seu importe repartirase proporcionalmente entre as persoas ou entidades que

resultaren premiadas.

Os premios non poderán concederse a título póstumo, sen prexuízo dos dereitos de sucesión que poidan exercerse se as persoas premiadas falecesen despois da decisión do xurado.

O pago dos citados premios realizarase previa retención do 15%, do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) ou 19% do imposto de sociedades (IS), no seu caso.

Cuarta. Candidaturas

Cada candidatura consistirá nun pódcast de extensión e temática libres, que debe ser accesible para a súa escoita en aberto e que use o galego como lingua vehicular. Só pode presentarse a unha das catro categorías e deberá indicalo na propia candidatura.

A música e os efectos sonoros que se empreguen deberán ser orixinais, estar libres de dereitos ou ter licenza de uso autorizado para este fin. A orixinalidade da obra, a súa autoría e a posesión dos dereitos de música e dos efectos de son usados xustificarase mediante unha declaración responsable na que se manifeste ser a persoa autora e titular de todos os dereitos ou informar da licenza.

En consecuencia, a Deputación Provincial da Coruña non se fará responsable das posibles denuncias por plaxio ou eventualidade similar que poidan xurdir, polo que recaerán na persoa participante afectada as accións legais que procedan e esta asumirá, se for o caso, as indemnizacións que poidan corresponder polos prexuízos ocasionados a particulares ou á organización.

Non se admitirán pódcast en cuxos contidos se empregue linguaxe sexista ou se realicen comentarios LGTBIQ+ fóbicos, racistas ou denigrantes para calquera colectivo.

Quinta . Presentación das candidaturas

5.1 Prazo

O prazo de presentación de candidaturas iniciárase ao día seguinte do que se publiquen estas bases no *Boletín Oficial da Provincia* a través da Base de Datos Nacional de Subvencións, de conformidade coas normas que se conteñen no Real decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas e finalizará ás 14:00 horas do día 18 de decembro de 2026.

5.2 Forma

As solicitudes de participación nestes premios tramitaranse de xeito telemático, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros.

Dado que a tramitación será telemática, quen presente a candidatura deberá dispoñer:

- Dun certificado dixital.
- Dun único enderezo electrónico de contacto ao que se dirixirán as comunicacións durante a tramitación do expediente. Excepcionalmente, poderá modificar o enderezo inicial, sempre e cando se lle notifique telematicamente á Deputación.

5.3 Documentación

Xunto coa propia solicitude, a documentación que se ha de presentar é a seguinte:

- Documento onde se indique o título, a sinopse e a ligazón ao pódcast candidatado, ou varias ligazóns, no caso de este estar dispoñible en varias plataformas.
- Declaración responsable de que a persoa autora é titular de todos os dereitos e de que este pódcast non recibira ningún premio ou bolsa da Deputación nos dous anos anteriores.

Sexta. Xurado

O xurado estará presidido pola deputada de Lingua, quen actuará con voz e sen voto. Formarán parte do xurado polo menos 3 persoas de recoñecido prestixio nos eidos da creación sonora, a oralidade e a lingua galega, nomeadas pola Deputación da Coruña.

As funcións de secretaría exerceraas a secretaria da Corporación ou funcionaria/o en quen delegar.

As retribucións das persoas integrantes do xurado imputaráselle á partida 0116/3344/22699 e serán as que figuran na base 30ª 4 das de execución do orzamento 2026.

Para o nomeamento do xurado respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto no artigo 70 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. As persoas que o integren estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A composición do xurado darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na web da deputación co fin de que se poidan interpor, se é o caso, os recursos legais pertinentes.

Aplicarase o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), Título preliminar, Capítulo II, Sección 3ª: Órganos colexiados das distintas administracións públicas”, artigos 15 a 18, no que se refire tanto á validez da súa constitución, como á actuación do xurado.

As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente.

O xurado presentaralle a súa proposta ao presidente desta Deputación que é o órgano competente para resolver este premio.

A decisión do xurado terá lugar en 2027. Darase a coñecer na páxina web da Deputación e a través dos medios de comunicación.

Sétima. Criterios para a concesión

O xurado deberá informar sobre a adecuación de cada proxecto presentado ás bases da convocatoria e poderá excluír, por maioría simple e motivadamente, aquelas candidaturas que non se axusten ás presentes bases.

O xurado valorará os pódcast candidatos, tendo en conta os seguintes criterios:

Puntuación máxima [110 puntos]	Criterios
30 puntos	Calidade e riqueza lingüística
20 puntos	A expresividade e a interpretación, así como a capacidade comunicativa da voz ou voces participantes
20 puntos	Capacidade dinamizadora do proxecto, repercusión e impacto social cuantitativo (número de escoitas e persoas seguidoras) e cualitativo
20 puntos	A orixinalidade, a creatividade e a innovación
10 puntos	A calidade técnica do traballo
10 puntos	Achega o galego a espazos onde non está aínda implantado ou a un ámbito de especial relevancia, proxección ou en que haxa manifestas dificultades por facelo, especialmente nos tramos de poboación de menor idade, infancia e/ou mocidade e traballo de promoción da lingua desde a perspectiva da transmisión xeracional

Oitava. Pagamento

Para a concesión e o cobro do premio deberase presentar a seguinte documentación:

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a persoa está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que a persoa premiada autorice expresamente á Deputación Provincial da Coruña a que faga as consultas tributarias e na Seguridade Social, así como na Deputación.
- Comunicación de alta de datos bancarios para o rexistro de terceiros, que figura no apartado de impresos oficiais da páxina web da Deputación Provincial da Coruña
- Certificación da titularidade de conta, expedida pola entidade bancaria.

A presentación desta documentación farase na pestana documentación da solicitude de SUBTEL.

A resolución de concesión será dada a coñecer a través do Boletín Oficial da Provincia.

A concesión e pago do premio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Novena. Obrigas das persoas premiadas

As persoas premiadas están obrigadas a divulgar a obtención do premio en calquera soporte ou medio de comunicación. Nas publicacións nas redes sociais deberán etiquetar a Deputación da Coruña e a Cultura Deputación da Coruña (@depucoruna e @DACCultura).

De igual modo e na medida do posible, colaborarán nas accións de difusión destes premios que organice a Deputación da Coruña e asistirán á gala de entrega de premios que se desenvolva ese ano.

Décima. Protección de datos

Os datos facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña coa finalidade de tramitar esta convocatoria. A responsable do tratamento destes datos é a Deputación Provincial da Coruña.

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Os datos poderán ser comunicados ás administracións públicas para o exercicio das súas competencias e serán conservados de acordo co establecido na normativa de arquivo.

No caso de resultar seleccionada a súa candidatura, a persoa expresará o seu consentimento ou a súa oposición ao tratamento da imaxe para que a Deputación da Coruña lles tome fotografías e/ou vídeos no certame de entrega dos premios ou no

desenvolvemento das actividades complementarias. No caso de que consintan, as fotografías e/ou vídeos poderán ser publicados:

- Na páxina web e perfís en redes sociais da Deputación.
- Nas publicacións para dar a coñecer a actividade.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo, se considera que o tratamento incumpre co establecido no Regulamento xeral de protección de datos, pode reclamar perante a Axencia Española de Protección de Datos.

Poden consultar máis información relacionada coa protección de datos na nosa política de privacidade (<https://sede.dacoruna.gal/sxc/gl/privacidad>) ou dirixindo un correo electrónico a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal.

Undécima. Aceptación das bases

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

ANEXO - EXTRACTO DA CONVOCATORIA

GALEGO

Primeiro. Beneficiarios

Persoas físicas ou xurídicas que sexan autoras do pódcast proposto ao premio. As persoas menores de idade deben presentar asemade a correspondente autorización dos seus responsables legais.

Segundo. Obxecto

Promover e recoñecer a creación e produción de pódcasts en lingua galega, co fin de contribuír ao fomento, á difusión e á visibilidade social e mediática do uso do galego no ámbito da creación sonora e de incentivar a calidade, a diversidade temática e a innovación das producións sonoras neste idioma. Serán especialmente significativos aqueles pódcast que estean dirixidos a sectores de especial relevancia para o futuro do noso idioma.

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerá polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

Cuarto. Contía

O importe dos premios ascende a un total de 20.000,00 €, con cargo á partida 0116/3344/481 do Orzamento ordinario para 2026. Establécense catro categorías dotadas con 5.000 € cada unha, suxeitas ás retencións legais que lles sexan aplicables.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de solicitude iniciárase o día seguinte á publicación da convocatoria, e finalizará ás 14:00 horas do día 18 de decembro de 2026, tendo en conta que, tanto as solicitudes coma o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

CASTELLANO

Primero. Beneficiarios

Personas físicas o jurídicas que sean autoras del pódcast propuesto al premio. Las personas menores de edad deben presentar al mismo tiempo la correspondiente autorización de sus responsables legales.

Segundo. Objeto

Promover y reconocer la creación y producción de pódcasts en lengua gallega, con el fin de contribuir al fomento, a la difusión y a la visibilidad social y mediática del uso del gallego en el ámbito de la creación sonora y de incentivar la calidad, la diversidad temática y la innovación de las producciones sonoras en este idioma. Serán especialmente significativos aquellos pódcast que estén dirigidos a sectores de especial relevancia para el futuro de

nuestro idioma.

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se regirá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP.

Cuarto. Cuantía

El importe de los premios asciende a un total de 20.000,00 €, con cargo a la partida 0116/3344/481 del Presupuesto ordinario para 2026. Se establecen cuatro categorías dotadas con 5.000 € cada una, sujetas a las retenciones legales que les sean aplicables.

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud se iniciará el día siguiente a la publicación de la convocatoria, y finalizará a las 14:00 horas del día 18 de diciembre de 2026, toda vez que, tanto las solicitudes como el resto de la tramitación del programa, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña.